

Villaricos.

A costa almeriense, típicamente mediterránea, caracterízase por ser unha das zonas máis áridas da Península Ibérica. Nestas paraxes desérticas destaca Carboneras, un núcleo pesqueiro e industrial, con factorías térmicas e cimenteiras, onde as altas chemineas perfílanse no horizonte.

Xa desde a Idade do Bronce, os poboadores das serras de Villaricos usaron as súas riquezas minerais, tal e como amosan os importantes xacementos arqueolóxicos atopados.

O primeiro contacto baixo a auga son os fondos someros de organismos fotófilos, augas claras e ben iluminadas, cos seu habitantes característicos: sabogas, doncelas, salmonetes de rocha, chaparellas, vermes espirógrafos e diversos tipos de algas.

A maior profundidade pérdese a coloración e aumenta a escuridade, alí habitan outras especies; algas recubertas de epífitos e peixes como o tres colas ou as moreas.

En augas máis someras/superficiais aparecen estrelas de mar con follas de Posidonia. Aquí atópase o bivalvo de maior tamaño do mediterráneo, a nacra, recuberta por unha esponxa vermella.

A formación vexetal de Posidonia está acompañada por unha flora e fauna notables; entre eles, Thalossomas, castañolas e sabogas.

A saboga, ou salema, é un dos poucos peixes que se alimentan das follas de Posidonia ou dos seus epífitos. As pegadas das súas mordedelas son evidentes nas follas das pradarías frecuentadas por esta especie, que adoita reunirse en grandes cardumes.

Outros peixes, os signátidos, tamén deambulan sobre as follas da pradaría, que en ocasións alcanza unha grande altura.

A diversidade de ambientes permite a coexistencia de especies moi distintas, algas, peixes, esponxas, anémonas, que seleccionan os enclaves que máis lles favorecen.

A actividade humana reflíctese baixo a auga nos restos dunha embarcación. Aquí podemos ver un detalle do rizón e un banco de peixes, espáridos, que nadan arredor del.

Tamén é sinxelo observar os restos de peiraos e vigas, entre os que nadan outros espáridos. Nas gretas das rochas o caranguexo moruno ou clanca peluda deféndese deles coas súas pinzas.

Nos ocos refúxianse os bancos de salmonetes reais; os corais amarelos tapizan as paredes, xunto a vermes tubícolas filtradores, e máis salmonetes reais, espáridos e moreas.

Os restos de embarcacións permiten imaxinar a súa vida; ésta, pola súa estrutura de estiba, debeu ser un cerqueiro ou un barco adicado á pesca con nasas. Sobre el nada un sargo real ou breado, que se alimento nos restos afundidos.

Entre os restos, aparece unha especie alóctona, o burro listado, que procede de augas do Atlántico e ten colonizado estes fondos de Villaricos, onde forma pequenos grupos, como acontece noutros puntos dos fondos da península.

Máis ao fondo, máis alonxados dos restos de actividade humana, cobran protagonismo outras formas de vida: Castañetas, gorgonias brancas, outras especies de gorgonias, ceriantos ocultos nas grutas e ascidias nun fondo areoso, que nos despiden deste mundo tan especial que é o Villaricos mergullado.